

Ref.-AEG/axps
673/17

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA A PROMOCIÓN DA COLABORACIÓN EN MATERIA INVESTIGADORA NO ÁMBITO DA EOXI DE FERROL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

O Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, atribúe a este, entre outras funcións, a coordinación e fomento da investigación no sistema sanitario de Galicia, así como, a elaboración de propostas e seguimento dos programas de docencia e investigación e a planificación, promoción e avaliación das accións de investigación en relación cos problemas e necesidades de saúde da poboación da comunidade autónoma.

Son funcións da Universidade da Coruña, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico; a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida

Ambas partes veñen desenvolvendo unha mutua colaboración en materia de docencia e investigación sanitarias. Así, mediante a Orde do 20 de decembro de 2001, publicouse o concerto subscrito o 28 de outubro de 2001 entre o Servizo Galego e a Universidade da Coruña para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias.

Para a axeitada harmonización dos obxectivos asistenciais, docentes e investigadores, as institucións sanitarias facilitarán á universidade, de acordo coas súas dispoñibilidades, as infraestruturas necesarias segundo as recomendacións da normativa vixente sobre necesidades docentes e investigadoras que deben ser atendidas polas institucións sanitarias concertadas.

O Servizo Galego de Saúde, a través da EOXI de Ferrol, ten previsto formalizar, o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterase vixente por un período de dous anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases que rexerán a colaboración entre as partes, a fin de que a Universidade de A Coruña, a través do seu Departamento de Matemáticas, colabore co persoal da EOXI de Ferrol para mellorar a metodoloxía da investigación e a aplicación de criterios estatísticos na actividade investigadora.

Este apoio consistirá na realización de actividade formativa durante 5 horas semanais entre os meses de setembro e xullo de cada ano (cun máximo de 200 horas), para o persoal estatutario que a xerencia da EOXI determine.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Mediante a Orde do 20 de decembro de 2001, publicouse o concerto subscrito o 28 de outubro de 2001 entre o Servizo Galego e a Universidade da Coruña para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias. Dito concerto establece entre os seus obxectivos potenciar a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades da UDC coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos e materiais, así como favorecer o desenvolvemento dos departamentos universitarios nas áreas da saúde, potenciando a súa coordinación coas unidades de investigación dos hospitais e demais institucións sanitarias, estimulando as vocacións investigadoras.

Dentro dos obxectivos indicados, ambas partes consideran de interese mutuo que a "EOXI Ferrol" poida contar coa colaboración do profesorado da área de Estatística e Investigación Operativa do Departamento de Matemáticas da UDC para apoio nas tarefas de investigación realizadas nos centros asistenciais que conforman aquela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.